

NOTA DE PRENSA

A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos organiza un concurso de curtametraxes baseadas nunha historia urbana

O gañador recibirá 1.500 euros, o segundo premiado obterá 1.000 euros e o premio do público gratificarase con 500 euros

O prazo de entrega das curtas remata o 31 de agosto e o xurado emitirá o seu fallo o 20 de setembro

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2011 (Vía Láctea Comunicación).- A **Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG)** presentou esta mañá o concurso de curtametraxes ***Tripomant na Cidade***. No acto estiveron presentes **Ana Domínguez Laíño**, presidenta da Delegación de Santiago do COAG; **Lisardo de Francisco Domínguez**, do departamento técnico da empresa de illamentos *Tripomant*; e **Karme García**, membro do comité organizador do concurso e arquitecta do estudo *k2c arquitectas*.

O certame está incluído como unha actividade complementaria da quinta edición do ciclo **CineCidade**, que organizan de maneira conxunta a Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), o estudo de arquitectura *k2c arquitectas* e a empresa de illamentos *Tripomant*. A finalidade do concurso é seleccionar unha curtametraxe na que se conte unha experiencia urbana, documental, de ficción ou de animación, que teña lugar en calquera época.

Karme García explicou que a temática do concurso, *Cidades*, é unha idea sobre a que leva varios anos reflexionando a Delegación de Santiago do COAG. “Este concurso invita a toda a sociedade a reflexionar sobre as cidades pero desde un punto de vista máis lúdico e a través dos medios audiovisuais. Difundiremos o certame por ambientes académicos, do cine e do sector audiovisual e intentaremos abarcar, ademais de Santiago e o resto de Galicia, outros puntos de España e por países latinoamericanos” –destacou.

Pola súa parte, Ana Domínguez indicou que este concurso é un paso máis do ciclo CineCidade “de achegar a arquitectura a toda a sociedade”. Tamén indicou que este certame será unha das actividades máis importantes da primeira semana de outubro, adicada ao Día Mundial da Arquitectura.

Ademais, na curtametraxe debe aparecer reflectida a empresa *Tripomant* a través dos seus produtos, características dos seus illamentos, logotipo da firma... na trama, no audio ou nas imaxes.

A curtametraxe debe ter unha duración de entre un e dez minutos, incluídos os títulos de crédito. En canto ao idioma, os traballos poderán presentarse en galego ou en castelán. O prazo de entrega das curtas rematará o 31 de agosto.

O público elixirá ao seu gañador a través de Internet

Na elección dos gañadores, ademais da decisión do xurado, integrado por representantes das entidades organizadoras, terase en conta o voto do público a través de Internet. O xurado emitirá o seu fallo o 20 de setembro. Os seus criterios de valoración basearanse na calidade e orixinalidade das propostas, que deberán cumprir as condicións técnicas que se recollen na base do concurso e, en particular, a historia deberá desenvolverse nun contorno urbano.

Concederanse tres premios. O gañador recibirá 1.500 euros, o segundo premiado obterá 1.000 euros e o premio do público gratificarase con 500 euros. A entrega dos premios terá lugar en Santiago de Compostela, na semana do 3 ao 7 de outubro, durante a edición 5.0 do ciclo CineCidade. As curtametraxes gañadoras estrearanse no marco deste ciclo de cine, xunto cunha selección de traballos que non resultaran premiados.

N.B.-Inclúe fotografía da presentación

SAÚDOS

Prensa COAG_Eva / 981 55 44 07/ 636 571 913

www.arquitectosdesantiago.com

www.tripomantnacidade.com

www.vialactea.es